

## Soluciones

Páx. 91

- 1 b. é unha mestura homoxénea.  
a. e c. son mesturas heteroxéneas.

- 2 Separaría a auga da mestura por filtración. Despois, utilizando un imán, separaría as lascas de ferro da area.
- 3 Separaría primeiro a fariña utilizando un coador ou baruto fino. Despois, separaría o arroz dos garavanzos cun coador ou baruto de trama maior que permitise pasar os grans de arroz.
- 4 **Xoga e aprende.** Actividade para reforzar o coñecemento sobre os distintos métodos de separación de mesturas.
- 5 Para separar unha mestura heteroxénea de dous líquidos con distinta densidade utilizaría a decantación. Cando a mestura está en repouso o líquido máis denso cae ao fondo e o menos denso flota.

Para separar unha mestura de dous líquidos con distintos punto de ebulición utilizaría a destilación. Cando se quente a mestura, o compoñente que ten unha temperatura de ebulición máis baixa evapórase antes. Cando pasa a través dun tubo refrixerado condénsase e volve ao estado líquido recolléndose nun recipiente.

- 6 D. A pesar de que o cobre é un metal, non é atraído por un imán. Non sería útil o filtro, xa que non hai ningún compoñente líquido. Para que se evaporase o cobre necesitaríase sometelo a unha temperatura moi alta.

7 **Comprende.** Os reactivos son vinagre e bicarbonato sódico. O produto, que fai que se inche o globo, é un gas, o dióxido de carbono. Para que se produza a reacción non foi necesario achegar enerxía, como no caso da experiencia proposta no *Taller de ciencias*. Para que se produza o cambio químico só é necesario poñer en contacto os dous reactivos.

- 8 a) Fermentación
- b) Oxidación
- c) Combustión

9 Cando cortamos unha mazá, ao cabo dun anaco, a parte que está en contacto co aire escurecese. Este cambio é unha reacción química chamada oxidación, xa que se produce ao expoñer a froita ao osíxeno do aire.